



Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

1ª Xuntanza

Mesa de traballo “Visión estratéxica do territorio rural”

11 de marzo de 2026

Coordina: Fundación Juana de Vega

ORGANIZA




Fundación
Juana de Vega

USC LABORATE
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA



FUNDACIÓN
ROBERTO RIVAS



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

RIA

Axenda

10.00 - 10.20 h. Benvida e introducción

10.20 - 10:50. Presentación dos participantes

10:50 - 11:30. Presentación do documento de partida e síntese das respostas ao cuestionario previo.

11:30 - 11:50 Pausa café

11:50 – 12:30 Afinado e priorización de temas clave

12:30 – 13:40 Dinámica de traballo en grupo

13:40 – 14.00 Orientacións cara a 2ª xuntanza e peche

Por que estamos aquí?

Galicia enfróntase a un reto territorial estrutural:

- **Abandono e perda de xestión activa do territorio rural.**
- **Fragmentación extrema da propiedade e crecente abandono e desconexión.**
- **Vulnerabilidade crecente fronte ao lume e ao cambio climático.**

Precisamos unha visión compartida para planificar e ordenar o territorio rural

O Foro Territorio Rural Resiliente

Espazo de traballo colectivo en fases para:

- Construír unha **visión compartida do territorio rural** galego.
- **Mellorar a xestión** activa do territorio rural.
- **Reducir as vulnerabilidades estruturais** do espazos rurais.
- **Avanzar cara a un territorio rural máis resiliente** fronte ao lume e ao cambio climático.

**Culminará nun encontro final con
propostas compartidas**

O Foro Territorio Rural Resiliente

Obxectivos específicos:

- Reunir unha masa crítica de axentes para tratar de avanzar cara a un territorio máis resiliente.
- Establecer unha diagnose compartida da problemática territorial que da orixe á vulnerabilidade fronte aos grandes lumes.
- Reflexionar sobre o estado actual dos instrumentos de ordenación territorial e xestión de Terras.
- Identificar e consensuar liñas de traballo prioritarias para recuperar a xestión activa do espazo rural, en particular con usos agrogandeiros.
- Mellorar a coordinación público - privada e institucional no deseño e execución de políticas públicas.
- Visibilizar e poñer en valor experiencias de éxito na recuperación da xestión do espazo rural.

Mesas de traballo

- 1. Visión estratéxica do territorio rural (FJV)**
- 2. A ordenación de usos e instrumentos de planificación (LaboraTe-USC)**
- 3. Mobilización e xestión activa do espazo agroforestal. (LaboraTe-USC)**
- 4. Persoas, poboación e actividades no rural. (F Roberto Rivas)**
- 5. Gobernanza e cooperación público-privada para a ordenación territorial. (F RIA)**
- 6. Comunicación e concienciación social. (Colexio de Xornalistas de Galicia)**

Mesa de Traballo “Visión estratéxica do rural”

A mesa de visión pretende:

- Definir unha **visión estratéxica compartida** do territorio rural que oriente o seu **modelo de desenvolvemento a medio e longo prazo**,
- Identificar **funcións prioritarias do solo** orientadas a mellorar a resiliencia.
- **Formular propostas e criterios de ordenación do territorio** que integren resiliencia e multifuncionalidade.



SINTETIZAR
A DIAGNOSE



IDENTIFICAR
TENDENCIAS



FORMULAR
O DEBATE

O punto de partida

O rural galego cambiou profundamente nas últimas décadas:

Galicia pasou dunha sociedade agraria intensiva en man de obra a unha economía terciaria.

O resultado: **abandono agrario e expansión forestal descontrolada.**

Non é un fenómeno coxuntural: é unha transformación estrutural



**CAMBIOS
DEMOGRÁFICOS**



**CAMBIOS
CLIMÁTICOS**



**CAMBIOS
FUNCIONAIS**

Estrutura demográfica

Avellentamento e crecemento natural negativo

A tasa de crecemento natural no rural é do -12,2 por mil (o dobre da media galega).

-12,2
x1.000

Fenda de xénero

. Emigración feminina masiva = masculinización da xuventude

Dispersión extrema do hábitat

As áreas rurais rexistran unha densidade de 29 hab/km² vs 1.013 hab/Km² das sete cidades galegas.



Baixa densidade + Envellecemento

Abandono no territorio

Transformación socioeconómica

Desagrarización

Caída do 95% no emprego agrario (1950 - 2025).
Hoxe, o sector servizos, ocupa ao 63,3% do
emprego, fronte ao 11% do emprego agrario
(incluído forestal).



Fenda Xeracional nas explotacións

Só o 3,90% dos titulares teñen menos de 35 anos.
Os maiores de 65 representan o 34,3%.



Potencial

A pesar da atomización, o VAB do sector
agroalimentario creceu un 45% (2021 - 2023).



O territorio non é homoxéneo: as “tres Galicia”

Gradiente funcional decrecente

1

Galicia urbanizada e forestada

- Franxa atlántica e periurbana.
- Alta presión residencial.
- Problemática da interface urbana-forestal.



2

Galicia activa

- Zonas interiores dinámicas.
- Peso do sector agrario, cultivos e pastos.



3

Galicia abandonada

- Montaña e interior con dominio do matorral, máximo risco de incendio.



Capital social e dependencia funcional

Mobilidade pendular

O 59,5% traballa nun concello distinto ao de residencia. **Dependencia das vilas cabeceira.**



59,5%

Fenda Dixital


O emprego da internet é un 10% inferior ao urbán. **Condiciona a inclusión.**



10% inferior

Capital social

Debilitamento das redes de cooperación tradicionais. **Desvinculación entre a propiedade (titular) e a residencia (habitante).**



Cambios nos usos do solo: incendios e vulnerabilidade territorial

**Mosaico
agroforestal**
pasado



**Biomasa
continua**
presente



**Grandes
incendios**
consecuencia



3.200
incendios/ano



18.092
hectáreas queimadas/ano

A falta de xestión activa no matorral eleva o risco de Grandes Incendios Forestais (GIF)

A clave estrutural: a ordenación funcional do solo rural

Cartografiar


Identificar capacidades e aptitudes produtivas do solo.

Zonificar

Empregar zonas agrarias prioritarias como cortalumes naturais.

Agrupar

A xestión conxunta e os **Montes Veciñais en Mancomún** son a ferramenta clave para superar a fragmentación mediante xestión colectiva.



PRODUCCIÓN



CONSERVACIÓN




ENERXÍA

Os montes veciñais: activos territoriais estratéxicos

3.400 Comunidades

660.000 hectáreas

194 hectáreas de superficie media



Escenarios 2035: Inercia ou resiliencia?

Escenario Inercial



Polarización territorial extrema



Conflictos polo uso do solo



Colapso de servizos



Vulnerabilidade estrutural ao lume

Escenario Desexable



Base produtiva de valor engadido



Xestión forestal diversificada



Gobernanza activa



Ordenación funcional e redución da continuidade de biomasa

Debate 1: Funcións e ordenación do territorio

Que territorio queremos? Que funcións priorizar?


1 Qué territorio queremos e que prioridades

- Que funcións debe primar?
- Agrarias, forestais, conservación, enerxía ou infraestruturas?



2 Zonificación

- Onde deben localizarse estas función e con que criterios?
- Debe existir unha zonificación explícita de funcións prioritarias?



3 Ordenación e prevención estrutural

- Como integrara a ordenación do solo e a prevención de incendios con criterios como continuidade biomasa, interface-urbana-forestal, e capacidade de xestión activa?



Debate 2: Base produtiva e resiliencia

Que modelo territorial é viable e resiliente?

4 A agricultura

- Pode Galicia permitirse un rural sen agricultura?
- Onde é estratéxica a reagrarización e que superficie agraria sería necesaria?



5 Modelo agrogandeiro e forestal

- Que modelo agrogandeiro e forestal é compatible coa resiliencia fronte aos incendios?
- Como integrar ambos modelos?



Debate 3: Economía territorial e incentivos

Quen xestiona o territorio e como se sostén?

6 Retribución das funcións do territorio

- Como retribuír as funcións que non xeran rendementos de mercado?
- Que combinación de instrumentos son máis eficaces: mercado/incentivos públicos/compensacións.



7 Demografía e xestión territorial

- Que relación existe entre dinamismo demográfico e boa xestión do territorio?
- O crecemento poboación garante xestión territorial? É sempre unha condición necesaria?
- Nas áreas con despoboamento acusado, é preciso asumir novos modelos de xestión territorial por parte de axentes non residentes e mediante xestión pública?




Debate 4: Infraestruturas, enerxía e servizos

Que condicións fan viable o territorio rural?

8 Implantación de infraestruturas e enerxía

- Como integrar as infraestruturas enerxéticas no rural fronte a usos produtivos tradicionais e servizos ecosistémicos?
- Como distribuír territorialmente impactos e beneficios das infraestruturas e dos proxectos enerxéticos?



9 Servizos no rural

- Como garantir o acceso universal a servizos nun territorio disperso sen incrementar desigualdades nin comprometer a sustentabilidade fiscal?




Debate 5: Escala e Gobernanza territorial

Como nos organizamos e vivimos?

10

Escala


- Cal é a escala axeitada: parroquia, concello, comarca?



11

Gobernanza multinivel

- Como articular gobernanza multinivel e o capital social para implementar unha reorganización funcional resiliente?



Da observación pasiva á ordenación activa

- »» A diagnose é clara: as “Tres Galicia” diverxen e a inercia leva ao colapso funcional.
- »» A solución require pasar da inactivade e da inercia á planificación e á ordenación funcional do territorio rural

As respostas ás cuestións estratéxicas definirán se Galicia terá un territorio resiliente ou un territorio combustible no futuro.

1. A visión:

Como imaxinamos o rural do futuro?


» Imaxinamos un rural galego vivo, habitado e dinámico, no que as persoas poidan vivir, traballar e emprender con dignidade, con igualdade real de oportunidades e acceso a servizos de calidade. Un territorio multifuncional que xestiona activamente os seus recursos a través dunha base agroalimentaria e forestal sostible, diversificada e innovadora, capaz de xerar valor económico ao tempo que conserva a biodiversidade, a paisaxe e o capital natural.

Un rural integrado coas áreas urbanas nunha relación de corresponsabilidade, no que a cooperación entre administracións, comunidades locais e sector produtivo impulsa a bioeconomía, a soberanía alimentaria e a restauración da paisaxe agroforestal, garantindo un territorio resiliente, atractivo e próspero para as xeracións presentes e futuras.


2. Tres palabras clave




3. Priorización retos: Galicia urbanizada e periurbana




3. Priorización retos: Galicia rural intermedia / “Galicia activa”




3. Priorización retos: Galicia de baixa densidade / “Galicia abandonada”



3. Retos con menor incidencia público-privada



3. Sobre o modelo das 3 Galicia e os retos propostos...



Gracias!



Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

1ª Xuntanza

Mesa de traballo “Visión estratéxica do territorio rural”

11 de marzo de 2026

Coordina: Fundación Juana de Vega

ORGANIZA



Fundación
Juana de Vega

USC LABORATE
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA



FUNDACIÓN
ROBERTO RIVAS



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

RIA

Dinámica 1: Afinado e validación da visión

1 Escolle un concepto o cuestión clave da visión recollida a partir dos resultados do cuestionario previo

» Imaxinamos un rural galego vivo, habitado e dinámico, no que as persoas poidan vivir, traballar e emprender con dignidade, con igualdade real de oportunidades e acceso a servizos de calidade. Un territorio multifuncional que xestiona activamente os seus recursos a través dunha base agroalimentaria e forestal sostible, diversificada e innovadora, capaz de xerar valor económico ao tempo que conserva a biodiversidade, a paisaxe e o capital natural.

Un rural integrado coas áreas urbanas nunha relación de corresponsabilidade, no que a cooperación entre administracións, comunidades locais e sector produtivo impulsa a bioeconomía, a soberanía alimentaria e a restauración da paisaxe agroforestal, garantindo un territorio resiliente, atractivo e próspero para as xeracións presentes e futuras.

Dinámica 2: World café- As tres Galicia

3 roldas de 20 min, 1 reto en cada rolda. Grupos de 7 persoas

1

Mesa 1. Galicia urbanizada e periurbana (Lagar)

- Reto 1. Redución do mosaico agroforestal e conflitos polo uso do solo
- Reto 2. Abandono e acumulación de biomasa na interface urbano- forestal
- Reto 3. Gobernanza e coordinación de actores

2

Mesa 2. Galicia Rural Intermedia/Galicia activa (aula plenario)

- Reto 1. Desagrarización, debilidade da cadea de valor e falta de relevo xeracional
- Reto 2. Servizos, mobilidade e habitabilidade
- Reto 3. Gobernanza e coordinación de actores

3

Mesa 3. Galicia Abandonada (sala de juntas)

- Reto 1. Redución do mosaico agroforestal e conflitos polo uso do solo
- Reto 2. Servizos, mobilidade e habitabilidade
- Reto 3. Gobernanza e coordinación de actores

**Presentación das conclusións das mesas
en plenario**

Orientacións cara a 2º xuntanza e peche

ORGANIZA



Fundación
Juana de Vega

USC LABORATE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
LABORATORIO DO TERRITORIO

FT RS

Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

COLABORA



FUNDACIÓN
ROBERTO RIVAS



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

RIA